

## EXERCICIOS – TERMINACIÓN -ZO, -ZA

1. Agrupa e ordena as sílabas da mesma cor ata formar oito palabras. Clasificaas segundo rematen en –zo, –za ou en –cio, –cia.



|                       |  |
|-----------------------|--|
| Rematan en –zo, –za   |  |
| Rematan en –cio, –cia |  |

2. Completa estes textos coas palabras adecuadas da seguinte serie.

sentenza - prezos - terzos - espazos  
grazas - xustiza - diferenzas - servizo

O informe elaborado por técnicos de Consumer o pasado mes de xuño serviu tamén para constatar o que xa é sabido: os ..... que rexen nas áreas de ..... son superiores aos que o usuario está afeito a pagar en establecementos semellantes (tendas, bares, restaurantes) fóra delas. Os datos indican que o menú do día nun restaurante destes ..... para descanso do automobilista custa 9 euros de media, chegando ata os 11 euros de media na AP-7 que une Barcelona con Valencia.

A Sala do Social do Tribunal Superior de ..... de Galicia desestimou o recurso de suplicación interposto polo Concello de Mos contra a ..... ditada polo Xulgado do Social N.º 4 de Vigo, no que se declaraba «despido improcedente» o do traballador do Grupo Municipal de Intervención Rápida (GRUMIR).

Dos once millóns de euros recibidos no período 2000-2006 en concepto de Fondos de Cohesión, Cataluña e Madrid recibiron 7,2 millóns, ou o equivalente a dous ..... . Esta repartición, lonxe de reducir as ..... internas entre os estados e favorecer a competitividade, agrandou as desigualdades. A inxección de cartos nesas dúas comunidades axudou a que crecieran máis que a media europea, ao ser máis atractivas para a instalación de novas empresas. De feito, Madrid foi a terceira rexión en crecemento económico de Europa nos últimos sete anos. .... aos investimentos europeos, a comunidade madrileña deixou atrás a 34 rexións e situouse na posición 39 das 210 existentes antes da ampliación.